



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Idioma Estranxeiro I: Francés		Código	710G05049
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Francés			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Luís Gamallo, María Obdulía	Correo electrónico	m.luis@udc.es	
Profesorado	Luís Gamallo, María Obdulía	Correo electrónico	m.luis@udc.es	
Web	secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=108&ensenyament=O08G440V01			
Descrición xeral	A presente materia pretende introducir o estudante ao francés oral e escrito do mundo profesional das relacións internacionais a un nivel A1/A2			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Manexar as tics para comunicarse, buscar, analizar aspectos socioculturais en lingua francesa	A1	B1 B4 B8	
Ter a capacidade de comprender e expresar mensaxes sinxelos en lingua francesa		B1 B2 B3 B5 B8	C2
Comprender a realidade sociopolítica do país de estudo	A1 A2 A7 A10	B1 B2 B3 B7 B8 B9 B11	C2
Planificar o estudo da lingua francesa manexando recursos diversos en autonomía		B6 B8 B9 B11	
Understand and appreciate the importance of the French language and culture in the world of relationships international and value it with a view to its professional future		B1 B2 B3 B4 B5	

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>1. Saudar e presentarse. Dar as grazas. Despedirse. Preguntar por novas. Presentar alguén. Preguntar de onde eres. Escribir un email ou carta.</p>	<p>1. Gramática: Os artigos indefinidos; o xénero dos adxectivos de nacionalidade; as preposicións de lugar à / en + cidade / país. A negación Ne...pas. Verbos: o presente o indicativo de "être, avoir, s'appeler". Os verbos do primeiro grupo en -er. Partir e aller. Vocabulario: números de 1 a 20. A identificación. A conferencia. A tarxeta de visita. Os países. As capitales. As linguas. Fonética: o abecedario.</p>
<p>2. Caracterizar alguén. Falar das responsabilidades profesionais. Empezar unha conversación. Facer preguntas sobre alguén. Preguntar a profesión de alguén.</p>	<p>2. Gramática: os presentativos C'est/Ce sont; o xénero e o número do nome e do adxetivo; as preposicións à e de; as contraccións au, aux, du, des. A interrogación directa con où, quand, comment, qui/que, qui est-ce qui, qu'est-ce que. Verbos: faire, connaître, venir. Vocabulario: as características físicas e morais; profesións e funcións. Fonética: as siglas.</p>
<p>3. Escribir un email, unha tarxeta, unha carta. Apreciar. Caracterizar un lugar positivamente e negativamente. Fixar, aceptar, rexeitar unha cita. Falar da súa familia.</p>	<p>3. Gramática: Os indicadores temporais; a interrogación directa con est-ce que, inversion do suxeito e cambio de intonación; o pasado recente e o futuro próximo; os adxectivos posesivos. Verbos: as irregularidades do verbos do 1eiro grupo; os verbos pronominais. Vocabulario: os meses, os días, os momentos do día; as actividades profesionais; os números de máis de 20. Fonética: a intonación interrogativa.</p>
<p>4. Falar por teléfono. Gravar unha mensaxe nun contestador. Expresar a frecuencia.</p>	<p>4. Gramática: Verbos: os verbos pouvoir, devoir, vouloir; o imperativo dos verbos parler, partir, faire, être, avoir, aller, vouloir; o passé composé con être e avoir. A forma negativa no passé composé. Os verbos en ir do 2do grupo. Vocabulario: o teléfono; as funcións e as teclas do teléfono; foros e chats; o ocio con faire du, sortir, rester à la maison. Fonética: o acento tónico.</p>
<p>5. Situar no espazo. Orientarse nun lugar. Preguntar/indicar o camiño.</p>	<p>5. Gramática: repaso dos presentativos; as preposicións e os adverbios de lugar; os adxectivos e os pronomes demostrativos. os pronomes adverbiais en/y. Verbos: os verbos mettre, savoir, attendre, prendre, descendre; a forma impersonal il y a; o futuro dos verbos arriver, finir, mettre, être, avoir. Vocabulario: o mobiliario da oficina; o inmoble; a cidade; os desprazamentos e medios de transporte; os ordinais. Fonética: o e mudo.</p>
<p>6. Acoller, ser acollido. Tomar/pedir un pedido. Pedir a conta nun restaurante. Pedir unha comida a domicilio. Invitar alguén, aceptar, rexeitar unha invitación. Desculparse. Ofrecer/dar as grazas. Contactar. Propoñer, aceptar, rexeitar. Despedirse.</p>	<p>6. Gramática: a cantidade; os partitivos; os pronomes tónicos; a negación non/si; o pronome en; Verbos: boire e servir; o imperfecto dos verbos avoir, être, parler. Vocabulario: no restaurante, tipos, comida, a carta; a vaixela. Fonética: as liaisons.</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
-----------------------	---------------------------	---	-------------------------	--------------



Prácticas de laboratorio	A2 A1 A7 A10 B3 B4 B7 B8 C2	10	10	20
Simulación	A2 A1 A7 B2 B3 B11 B1 C2	5	15	20
Glosario	A2 A1 A7 B6 B11 B8 C2	4	10	14
Proba de resposta múltiple	A2 A1 A7 B8 C2	10	10	20
Proba oral	A2 A1 A7 B6 C2	10	10	20
Solución de problemas	A2 A1 A7 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B1 C2	8.5	15.5	24
Sesión maxistral	A2 A1 A7 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 B8 B1 C2	5	17	22
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Prácticas que inclúen actividades, problemas ou exercicios a resolver.
Simulación	Tarefa na que os estudantes simulan situacións en francés para mellorar as súas competencias orais e escritas en lingua francesa.
Glosario	Preparación de diferentes tarefas que se conservarán para retroalimentación en cartafol.
Proba de resposta múltiple	Probas para avaliar as competencias adquiridas que inclúen actividades, problemas ou exercicios a resolver. Avaliación.
Proba oral	Avaliación das capacidades comunicativas e de comprensión do estudantado en lingua francesa.
Solución de problemas	Actividades que plantexan ao estudantado unha busca que ha de resolver para acadar un resultado.
Sesión maxistral	Exposición e explicación dos contidos gramaticais, léxicos e culturais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba de resposta múltiple	Prácticas de laboratorio: Os estudantes han de responder a actividades formuladas aplicando competencias orais e escritas da materia.
Sesión maxistral	Proba de resposta múltiple: Exame de preguntas obxectivas. Probas para avaliar as competencias adquiridas que inclúen actividades, problemas ou exercicios a resolver.
Prácticas de laboratorio	Resolución de problemas: Os estudantes han de responder de maneira directa en base aos coñecementos que adquiriron da materia. Sesión maxistral: Despois das exposicións de contidos ábrese debate para preguntas e respostas do estudantado.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Simulación	A2 A1 A7 B2 B3 B11 B1 C2	Simulacións que poñan en práctica as competencias de expresión orais.	10



Proba de resposta múltiple	A2 A1 A7 B8 C2	Probas que avalían as diferentes competencias orais e escritas postas en práctica na aula.	50
Prácticas de laboratorio	A2 A1 A7 A10 B3 B4 B7 B8 C2	Actividades, exercicios diversos a resolver na aula ou na casa para entregar. Resolución de problemas: tarefas de comprensión ou expresión escrita ou oral a entregar.	40

Observacións avaliación



A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos prazos oficiais

estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de

Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>).

1. Na primeira oportunidade, os alumnos haberán de asistir a clase para beneficiarse da avaliación continua (con máis de 5 clases sen xustificar perderase o dereito a avaliación continua) que consiste na recollida de tarefas e actividades feitas na clase ou na casa a entregar, ademais de presentacións de simulacións orais a entregar (50 % da nota final). Para avaliación continua será necesario traer a diario o método de lingua francesa: RIEHL, SOIGNET, AMIOT,

Le français des relations internationales et européennes, Objectif Diplomatie 1, ed. Hachette, nouvelle édition, 2017.

A avaliación continua inclúe un control a mediados do cuatrimestre e outro final o último día de clase (total: 50% da notafinal). Os controis poderán incluír algún tipo de proba oral de expresión como parte da nota. Haberá alcanzarse cando menos unha media de 5 no conxunto dos dous controis para facer media coa nota das tarefas de clase que haberá de ser comomínimo un 4.

Os alumnos que non aproben durante o curso poderán presentarse ao examen final en primeira convocatoria previsto pola Xunta de facultade, así como aqueles que queiran subir nota. Neste caso o examen final consistirá nunha proba con preguntas obxectivas que pretende avaliar as 4 competencias da lingua estranxeira. Os alumnos que non superan a avaliación continua durante o curso, nin o exame da primeira convocatoria, haberán presentarse ao exame final de 2da convocatoria previsto pola Xunta de facultade.

2. Avaliación da segunda oportunidade: De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima na proba escrita e/ou na proba oral, o alumnado deberá facela(s) de novo na segunda oportunidade. A data, horario e ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web da facultade. 3. Na convocatoria extraordinaria de decembro

o alumnado será avaliado dos seus coñecementos e competencias nas distintas destrezas da materia mediante unha proba escrita e unha proba oral. Para as implicacións da realización fraudulenta ou irregular da proba escrita ou oral, ver apartado 6.4. En cada oportunidade de avaliación o alumnado recibirá a cualificación NP

de non terse presentado a

ningunha das probas de avaliación (escrita e oral). 5. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial con dispensa académica, previa comunicación e acreditación documental de dita situación á

profesora, pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as

actividades de avaliación continua

programadas para a primeira oportunidade, segundo o disposto no

apartado 1. As actividades

presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes.

Seránlle de aplicación as demais metodoloxías avaliáveis (proba escrita e

oral) cos mesmos requisitos e características que para o resto do

alumnado. Para a avaliación da segunda oportunidade, aplicaráselle o disposto no apartado 2.6. Os traballos académicos (entendendo por tal todo o material que o

alumnado presente para ser obxecto de avaliación) deberán ser de elaboración individual (agás

indicación expresa da profesora) e persoal. A

realización fraudulenta ou irregular das probas e/ou de calquera das

actividades de avaliación continua implicará automaticamente a

cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente,

invalidándose as cualificacións obtidas nas distintas metodoloxías

avaliáveis. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao

Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos

previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo

mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas

circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas

de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).7. Nos casos non contemplados anteriormente aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC. Segundo as distintas normativas que regulan as ensinanzas universitarias, cómpre incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Isto inclúe, entre outras medidas, o uso dunha linguaxe non sexista, bibliografías inclusivas desde a perspectiva de xénero e o fomento da participación de todo o alumnado na clase, independentemente do seu xénero. Prestaremos especial atención en identificar e abordar os prexuízos e as actitudes sexistas. Traballaremos activamente para cambiar este entorno e promover valores de respecto e igualdade. Os nosos esforzos centraranse na detección de casos de discriminación de xénero e na posta en marcha das accións oportunas para corrixir estes casos.



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Bibliografía Básica RIEHL, L.; SOIGNET, M.; AMIOT, M.-H., Objectif Diplomatie 1, 987-2-01-513535-9, Hachette, 2017 GRÉGOIRE, M.; THIÉVENAZ, O., Grammaire progressive du français, CLE International, Bibliografía Complementaria ABRY, D.; CHALARON, M.-L., Phonétique, 350 exercices, Hachette, 2011. Collectif, Bescherelle La conjugaison pour tous, Hatier, 2012 FAFA, C.; LOISEAU, Y. ; PETITMENGIN, V. Grammaire et conjugaison du français A1 (470 exercices et corrigés), Didier, 2020. GLAUD, L. ; LANNIER, M. et LOISEAU, Y. ; PETITMENGIN, V. Grammaire et conjugaison du français A2 (470 exercices et corrigés), Didier, 2020 MIQUEL, C., Vocabulaire progressif du français, CLE International, BLANC, J; CARTIER, J.-M.; LEDERLIN, P., Scénarios professionnels. Niveau 1, CLE International, 1994 CLOOSE, E., Le français du monde du travail, PUG, 2014 DANILO, M.; PENFORNIS, J.-L., Le français de la communication professionnelle, CLE International, 1993 FERRE, A.; GERRIER, N., Points de vue : Culture, société, littérature, art, CIDEB/Black Cat Publishing, 2014 LAMOUREUX, J., Les combines du téléphone, PUG, 2009 LESOT, A., Bescherelle L'essentiel, Hatier, 2013 PENFORNIS, J.-L., Vocabulaire du français des affaires avec 200 exercices, CLE Internacional, 2004 ZOUARI, I., Petit dictionnaire du monde francophone : tout ce qu'il faut savoir sur les 45 pays et territoires francophones, L'Harmattan, 2015 Sites web TV5monde, www.tv5monde.com Le point du fle, www.lepointdufle.net Alfabeto fonético internacional para el francés, https://easypronunciation.com/es/french-letters-pronunciation-ipa-chart#french_nasal_vowels Phonétique FLE, cours de prononciation, http://flenet.unileon.es/phon/indexphon.html</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase asistir a clase con regularidade e seguir a avaliación continua, coas indicacións que se atopan no portal Moovida materia. Recomendáse ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir á profesora para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso da profesora, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías